

b) Horario: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas.

c) Enderezo: praza Conde Fenosa, 1.

d) Localidade e código postal: 27170 Portomarín.

e) Teléfono: 982 54 50 70.

f) Fax: 982 54 51 04.

7. Requisitos específicos do contratista: non se exixen.

8. Presentación das ofertas.

a) Data límite quince (15) días naturais desde o seguinte ao da última publicación deste anuncio no DOG e no BOP.

b) Documentación que hai que presentar: segundo prego.

9. Apertura de ofertas.

a) Na casa do concello ás 12.00 horas do quinto día seguinte hábil ao da finalización do prazo de presentación de proposicións.

10. Gastos do expediente: serán por conta do adxudicatario.

Portomarín, 17 de outubro de 2008.

Silvia Rodríguez Díaz  
Alcaldesa

## CONCELLO DE VALDOVIÑO

### Anuncio.

Aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o 21 de xullo de 2008, o proxecto de implantación dun sistema de preozonización na ETAP do Cameleiro-Valdoviño (A Coruña) OH.215.816 no lugar do Cameleiro da parroquia de Valdoviño.

Por este anuncio expónse o expediente ao público na secretaría deste concello, durante o prazo dun mes, para que todas aquelas persoas afectadas poidan presentar as reclamacións que xulguen convenientes en defensa dos seus intereses a partir da publicación do último anuncio no BOP, DOG ou nun xornal.

Valdoviño, 15 de outubro de 2008.

M<sup>a</sup> Isabel Álvarez Diéguez  
Alcaldesa

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

*Resolución do 19 de setembro de 2008, da Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego, pola que se fan públicos, para os efectos do artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, da transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, os convenios de colaboración asinados no segundo cuadrimestre do ano 2008.*

Asinantes coa <i>Fundación Deporte Galego</i>	Obxecto do convenio	Data da sinatura	Importe comprometido
<i>Caixanova</i>	Colaboración para a promoción da práctica deportiva en idade escolar	5-5-2008	100.000 € (a favor FDG)
Federación Galega de Vela	Organización dun programa escolar de iniciación e tecnificación de vela a través de catamarán	7-5-2008	75.000 €
<i>Asociación Brest 2008</i>	Adlenda ao convenio marco <i>Asociación Brest 2008-Fundación Depone Galego</i>	12-5-2008	Sen contido económico
Federación Galega de Fútbol	Organización do campionato de España de selección sub-12 de fútbol 7	13-5-2008	12.000 €
Federación Galega de Ciclismo	Organización da Volta Ciclista a Galicia 2008	27-5-2008	90.000 €
Federación Galega de Piragüismo	Organización do XXIII campionato de España por federacións autonómicas	31-5-2008	10.000 €
Federación Galega de Baloncesto	Actividade deportiva de baloncesto en centros de menores de Ourense	1-6-2008	20.000€
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial	Programa Galicia en Brest	2-6-2008	275.000 €
Centro de Protección de Menores Madre de Dios	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	4-6-2008	Sen contido económico
<i>Fundación Santiago Rey Fernández la Torre</i>	Cesión da instalación do parque deportivo exterior de Acea da Ma para o programa Voz Natura	6-6-2008	Sen contido económico
Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	8-6-2008	Sen contido económico
Centro de Menores Montealegre	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	13-6-2008	Sen contido económico
<i>Asociación Autismo Ourense</i>	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	16-6-2008	Sen contido económico
<i>Asociación Xuvenil Amencer</i>	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	17-6-2008	Sen contido económico
Federación Galega de Trialón e Pentatlón Moderno	Cesión de Pontillón de Castro para a organización do Campionato de España de Trialón Cros	20-6-2008	Sen contido económico
<i>Asociación de Emisoras Municipais Galegas</i>	Desenvolvemento do proxecto <i>O Deporte base</i>	25-6-2008	30.000 €
<i>Asociación de Fútbol Aficionado-AFAC</i>	Cesión campo fútbol herba artificial de Acea da Ma para a organización do campus de fútbol Deputación da Coruña	27-6-2008	Sen contido económico
<i>Fundación Oira Futura</i>	Cesión do complexo acuático de Monterrei para actividades varias e visita instalación	4-7-2008	Sen contido económico
Federación Galega de Halterofilia	Cesión da sala de pesas do parque exterior de Acea da Ma para unha concentración de tecnificación	13-7-2008	Sen contido económico
Federacións Deportivas Galegas (Vela, Remo, Piragüismo e Surf)	Participación das federacións deportivas nos xogos náuticos do Atlántico	18-7-2008	60.000 €
COGAMI	Proxecto vela adaptada para todos e todas	23-7-2008	24.000 €
Federación Galega de Tenis	VII torneo internacional de tenis feminino-Cidade de Vigo	24-7-2008	15.000 €
Federación Española de Piragüismo	Campionato de España de estilo libre	24-7-2008	30.000 €
Federación Galega de Vela	Tecnificación deportiva na modalidade de vela pesada	30-7-2008	25.000 €

Asinantes coa <i>Fundación Deporte Galego</i>	Obxecto do convenio	Data da sinatura	Importe comprometido
Federación Galega de Motonáutica	Cesión de Pontillón de Castro para 3ª proba do campionato de España e trofeo Ibérico de tadiocontrol técnico	12-8-2009	Sen contido económico
Federación Galega de Golf	V Campionato de España de profesionais de clubs e actividades complementarias	28-8-2008	18.000 €

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

Marta Souto González  
Vicepresidenta executiva da *Fundación Deporte Galego*

## FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA

*Anuncio.*

A directora da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*, para dar cumprimento aos principios de contratación que lle son aplicables, abre o proceso de recepción de ofertas para a seguinte contratación:

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: *Fundación Pública Hospital da Barbanza*.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

c) Número de expediente: AB-FPB1-09-001.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: contratación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de entrega: ver o número 19 da folla de especificacións.

d) Prazo de entrega: ver o número 19 da folla de especificacións.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta economicamente máis vantaxosa tendo en conta os seguintes criterios:

<u>Criterios</u>	<u>Ponderación</u>
Oferta económica	50%
Plan xeral de seguridade	25%
Medios materiais	15%
Melloras	10%

4. Orzamento base de licitación: cento vinte e oito mil catrocentos corenta e oito euros con vinte e oito céntimos (128.448,28 €) sen IVE. Ver o número 8 da folla de especificacións.

5. Garantía provisional: non.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: *Fundación Pública Hospital da Barbanza*.

b) Domicilio: lugar de Salmón, s/n, Oleiros.

c) Localidade e código postal: 15993 Ribeira, A Coruña.

d) Teléfono: 981 83 59 22.

e) Telefax: 981 83 59 98.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Solvencia económica e financeira: ver o número 16 da folla de especificacións.

b) Solvencia técnica e profesional: ver o número 17 da folla de especificacións.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: quince días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Se o último día de presentación de solicitudes coincidise en sábado ou día inhábil, na localidade de presentación das ofertas, este prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Departamento de Administración da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*. Ver o número 19 da folla de especificacións.

d) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): 2 meses contados desde a data de apertura das proposicións para a adxudicación provisional.

e) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas: a data, hora e lugar de realización da mesa de apertura do sobre C publicarase no perfil do contratante e no taboero de anuncios do órgano de contratación.

10. Outras informacións: ver o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

11. Gastos de anuncios: si. Por conta do adxudicatario. Ver o número 20 da folla de especificacións.

12. Páxina web onde obter información relativa á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: perfil do contratante [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

Ribeira, 22 de outubro de 2008.

Rosario Vázquez López  
Directora da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*